

Núm. 89

Tomo 8.<sup>o</sup>

# nós

CARTELAS



BOLETÍN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Ademinstrador

ANXEL CASAL

DIREICIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Hortas, 20 — SANTIAGO

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6'00 pesetas.
Fora da Península	8'00
Número solto	0'70

NOTA

Este boletín non publicará mais orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Direición. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

S U M A R I O

- O Escortheonista, por F. BOUZA BREY.  
Jorge Borrow no Val da Mahía, por MAGARIÑOS NEGREIRA.  
O Abade Mouríño, por MANOEL GARCIA PAZ.  
Da Alemaña, por VICENTE RISCO (proseguimento)  
Arquivo Filolóxico i-etnográfico de Galiza.  
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDAUCIÓN

IMPRENTA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas  
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárregos

Hortas, 20

SANTIAGO

Dicenle Risco

Abogado

Sto. Domingo, 47-2º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XIII      ★      Ourense 15 de Maio do 1931      ★      Núm. 89

## O ESCORDEONISTA

*O escortheonista de Romay  
bule a roldar ó seu amor.  
Non leva panos de Cambray  
nin fitas de Rocamador.*

*O mar de millos en sazón  
tremola en ondas ó pasar  
entre abaloiros do luar  
a follalata do escordeón;*

*i-en tanto ó lonxe ven e vai  
a lene espranza de un farol,  
o escortheonista de Romay  
desperta os azos do seu sol.*

*Nos fusos virxes dos pendóns  
brincan as notas a tecer  
flos de longas vibrazóns  
ensarillados de axouzers;*

*conta abrouxado o reiseñor  
seu matinar ó milleiral,  
pro o escortheonista boureador  
fusila as queixas no pinal;*

*o sapo chifra... ¡probe de ill!  
se lle esnafrrou na imensidá  
a sua frauta pastoril  
mollada de señardá!;*

*frores de peito do xestal  
como elas soñan co escoler  
abrindo olliños de cristal  
para voltalos a choer!;*

*e a estrela nena que escoitou  
como ela berra pol-a nai...!  
O escortheonista de Romay  
toda a campía deloirou!*

*Música en monllos que alí saía!  
Freixa de notas en balbor!  
Antergos panos de Cambray  
e fitas de Rocamador!!!*

BOUZA-BREY

1931



## JORGE BORROW NO VAL DA MAHÍA

Unha mañán de vrou do ano 1837. No camiño de Padrón, car-a Escravitude. Un viaxeiro a cabalo d-unha besta moura, sigue os pasos miudos e lixeiros d-un alquilador. Às veces, o animal rompe a trotar, pero o cabaleiro tiralle polas rendas e faino ir amodo. As suas olladas empápanse na verdosa frondosidade da paisaxe matinal. Máis alá da Escravitude, vira á esquerda, por unha corredera pedruguenta e desigual, chea de silvas que saen dos valos e se prenden nas crins da besta.

É outo, fraco, de faciana oval e cor olivácea; ten o narís encorvado, os ollos pardos, moi expresivos, e a boca ben dibuxada; a cabeleira abrancazada, c-un encaneciminto xuvenil.

N-aquél intre, vai maxinando que Deus Noso Señor, dende que se revelou o home, serviuse sempre, pra cumplir as mais grandes obras, de medios cativos e insuficientes en apariencia. Viña a conto tal refreisón, porque sendo a misión do viaxeiro difundir a Biblia, dos cinco mil exemplares da edición que tirara en Madrid, xa repartira catro mil novecentos noventa e nove, e pr'a xentes de Fisterra á onde se dirixía n-aquél seu viaxe, non levaba n-o peto mais que un soio exemplar.

A paisaxe e a parola do alquilador, fixéronlle levadeira a camiñata. N-a falda d-un monte, atoparon unha aldea tan pintoresca, que o cabaleiro interesouse por ela.

Chámanlle —dixolle o guía— Os Anxeles, porque a sua eirexa fixérona os anxeles faixa moito tempo; debaixo d-ele puxeron unha barra de ouro traguida do ceo, que servira de viga na mesma casa de Deus. Vai por baixo da terra dende aquí, hast-a Catedral de Santiago.

O cabaleiro seguia atentamente a conversa, sin deixar de ollar a longura do val. O alquilador falou tamén d-uns baños,—os do Tremo—que ali había, moi concurridos, por certo, dos santiagueses.

Unha cadea de montes, corria cara o norte, en dirección de Compostela. N-unha das cumes, erguiñanse as torres almeadas do castelo de Altamira. As aldeas esfumadas na brétema, parecían agachadas nas frondas de álbres froitales. Os pináculos, abalando mainamente, arumaban o ar de cheiro resinento. Parou o viaxeiro pra escuchar mellor a paisaxe, e arrebolou a mirada de un á outro confín do val. Un bó anaco estivo quedo, aspirando fortemente aquél arumado frescor mañanceiro. De súpeto, saiu coma d-un sono, picoulle á besta, e alá se foi camiño adiante.

\* \* \*

Aquél viaxeiro, era Jorge Borrow, un inglés quixotesco que andaba por terras de España difundindo a Biblia. Nacera en East Dereham o 5 de Santiago de 1803. Como o pai era militar, recorreu xa de neno cáxeque toda Inglaterra. Comenzou a estudiar humanidades en Dereham, continuou en Edimburgo, dimpois en Norwich, e n-o ano 1815 n-a «Academia Protestante» de Clonmel (Irlanda), onde estaba destinado o reximento de seu pai. Con estraordinaria facilidade deprendía linguaas á cuio estudio entregouse con entusiasmo. En 1818 atopou un amigo, Ambrosio Smith, xitano a quem dimpois representou nos seus escritos co nome de Jasper Petulengro, e foise co-él ó seu campamento, recorrendo n-a compañía d-aquela xente, feiras e mercados, pra coñecer as suas costumes e deprender o seu falar.

Mais tarde, Borrow fixose abogado e colocouse de pasante en casa duns curiales de Norwich, mais a sua afición ás leises era escasa. Gorentáballe mais a leitura de libros de viaxes e aventuras, e traducir ó inglés obras escritas en lingoas que él coñecía. En 1824, chegaba á Londres cun bo feixe de traducións. Pasou calamidades abondo n-aquela gran cidade, onde maxinaba trunfar axiña. Nos seus primeiros tempos foi ateo, pero mais tarde, dimpois de complexo proceso psicolóxico, fixose protestante fanático e aceitou as proposicións da «Sociedade Bíblica Británica i-Estranxeira» de utilizar o coñecimento de idiomas para difusión da Biblia. En efecto, fixo moitos viaxes co-aquéll obxetivo. Pero o mais trascendental e interesante, foi o de España, que deixou inmortalizado na sua obra «The Bible in Spain».

Con ser grande a fantasia de Jorge Borrow, non por eso se deixou dominar por

ela hasta falsear a realidade. As páxinas do seu Diario, foinas escribindo á cotío, e do Diario e de cartas dirixidas á Sociedade Bíblica, tomou os materiais pra sua obra. Sabe retratar a vida de entón coas pinceladas más certeiras, aventaxando en criticismo a cantes literatos e viaxeiros escribiron en col da España de fai un século. Labregos, arrieiros, pousadeiros, xitanos, curas de aldea, alguaciles, mandingantes, pastores, pasan ante nós, e ó velos xesticular i-escoitar como falan, maxinamos atoparnos con veilos coñecidos, escribe M. Azaña.

Tratando de Galicia, non pode fuxir dos prejuicios e describea como un país misterioso e descoñecido, perdido na lonxanía entre brétemas, e asolagado de supersticións e meiguerías. Mais non-os estrañamos. De entón acá pasou d-un século e moitos escritores, non xa estranxeiros senón españoles, siguen maxinando o mesmo.

MAGARIÑOS NEGREIRA.





# O ABADE MOURIÑO

## NOVELA

POR MANOEL GARCIA PAZ.

### NA REUTORAL DE TORTEOS

Na orela do Miño prendeu o concello de Neveiro. Alén-rio érguese como unha pomba a vila portuguesa de Montão. A liña crovada de unha carreteira trascorre o val, cheo de pífeiraes mansos. As suas poulas frechadas voan cara ó ceo n-un vóo infinito, a cotio abaladas polo maino vento riveirán.

Antre a farturenta compañía do río e da calzada nova atópase unha aldeia de casas brancas: Torteos, a un kilómetro de Neveiro. Por unha congostra báixase á reutoral. Un cruceiro e unha forja amostran ó camiño. A batida do ferro ja soa talmente como un sino rideiro.

A reutoral, obra do século XVII, é unha mistura do renacemento e da antiga arquitectura dos petrucios galegos. Da sua frábea primitiva somente fican ergueitas as outras torres e o portón. O resto da casa son remendos rebulideiros.

Cando petei n-aquila porta acolléume o sorriso do abade Mouriño. Niste intre o meu amigo teria trinta anos vividos na gracia do Señore. A cabeleira, toda branquiña, cañalle na faciana como unha croa de santiadá. As meixelas, moi grosas, díbanlle ar de angusto. Os seus grandes ollos moles ollaban nas almas con moita mansedume.

Os pais do curiña aledáronse moito coa miña chegada. Pola contra, a señora ama viame de reollo. E cando se decatou de que o crego me gardaba a meirande estimanza, cizanou en namisarime co il. Aijíña com-

prendin o que pasaba ali: O abade Mouriño adicáballe ós seus un cariño puramente cristian. Pra il todos éramos igoaes diante de Deus; Por iso trabucaba ós propios e ós alleos n-un mesmo amore. Os probes dos vellos non llan tan fondo na moral e coidaban que aquila besta da serventa lles rouba o agarimo do fillo con tantiños traballos estudiado. Ista foi a causa de tan boa acollida: Ollaban en min un novo elemento na batida contra a meiga.

Andreia, a ama do cura, ainda que pequenira, non era unha muller calquera: Contados homes nas catro bandas podianse gabar de uns bigotíños tan ben feitos como os de ela. O seu corpo, unha bomba. Enriba da bomba, unha bola mais pequena. Un pano cheo de voltas penduráballe encol dos hombreiros, tapándolle as meixelas. Dous ollos pelejeiros ajijando dende unha silveira de críz bravas. Abaixo, unha nariz de moucho. Un anaquiño mais abaixo, uns morros de boy. Eis o telderete da faciana de Andreia.

Un domingo pola mañá a criada me non espertou pra que non chegase á misa. A ladra ben sabía que o que non asistía ó Santo Sagrefizo o señore abade ja o daba por chamuscadiño nas caldeiras do Votoiro. As derradeiras bateladas acordei, vestinme de un brinco e chanteime á beira da pila da auga bendita. Ela estaba ó pé do altare, reloucando de contento pola miña demora. Ó través da silveira de críz bravas escandalabanlle os ollos cheos de trunfo. ¡De aquila si que eu estaba perdidol! O sangue ja lle

fervia nas veas por berregarlle ó crego, alixiña como sahira da eireja:

—¡Ay, señore abadel! ¿Vosté non sabe que o Rafael lle non quixo vir á misa apesares de chamalo cedo?

—Pois dille da miña parte que se arrange pra ouvir a de Don Antón.

Pouquiño dimpois atordoaban uns berros arripiantes. A condergada da Andreia es-correntaba ó vento aldrajándose pra que todo o pobo se botara enriba de mí.

—¡Santa Mariña bendita!, chamaba unha estoa limpándose o pingo coa mán. ¡Eu, ainda que son unha probe vella, cando ví a ise señoritío ja lle díxen ás miñas fillas que non podía sere ból! Sinón, ¿qué tiña de vir buscáre a unha aldeia cativa? ¡Malos diaños o esfolent...

Alixiña o noso pazo estaba arrodeado pola gente do lugar. Eu repousaba no eido contemplando com'a toura depinicaba na herba. O sol, ja outo, alumeaaba con forza. As núbiles brétemas, ¡probes noivas tolitas!, fugían medolientas de esnaquizárense á bica da apeijoada do fecundante astro. De aló, dos lonjanos montoutos, un meigallo estrano deitaba nos corazós inquedante saudade.

#### A MORTE DO VIDUEIRA

Na percuranza de fertuna o Vidueira migrara ó Novo Mundo. Coñecía as Reprúbias do Prata e mais o Brasil. Longe da tertiña, o coitado morrixe de cote. ¡Mesmo parecia que Deus se esquencia de ill! Dimpois, foise afaguendo. ¡Cantos traballíños aturaba pra juntar catro cartos e voltar alixiña ó seu lar, ó carón da sua muller e dos seus fillíños! Pro, eso sí; se non levaba cadelas de abondo pra o ensino dos rapaces, logo endejamais tornaría á sua terra. E cando todo camiñaba tan bén, o pobe do home puxose malado e os mencíñeirois aconseillaronlle mudar de ares. Entón o Vidueira embarcou pra España.

A doença do americán acababa co-il. A espiñela crováraselle de lanzaliza que era. O bafo mancáballe ó andare un pouquiño. Non podía subir unha congostra. Cuspía mais que un pote furado. E alá, dentriño do peito, asubiáballle a cotío un run-run de vento mareiro.

Nos seus solitarios paseíños detiase á curreirifa do can, alentando con traballo. E ollando cara a lonjanía, remegia a cabeza, coma se fora parafeando. ¡Quén lle dira, cavilaba o triste, ainda que soillo fora por unha vegada, poder tripar cos seus pés o pó de aquiles rueiriños tan queridos, nos que jogara cando neno! Por iste pasadeiro gosto, ¿qué non sería capaz de faguer?... Logo unhas pingotas grosas remuiñaban nos seus ollos, tumbándolle coa brillantez de pérolas polas meixelas: ¡il, o Vidueira, ja non tiña folgos pra rént...

O Vidueira adoecía ademais de outro mal: unha genreira fera ós cregos. A il que lle non viñesen con monsergas. O home civizado ten de vivir cara o Progreso, como vivía il e os países americanos. Ali a gente traballaba; pro como non gobernaba a teocracia, todo o mundo ganaba, salfería e disfrutaba da vida. Nas juntanzas dos socialistas tamén escotara de abondo o mesmo argumento: A España estaba probe polos curas. ¡Non vía il como na América se non atopaba unha sotana; pro ollábanse carreteiras, granjas, trés, escolas e fonógrafos, moitos fonógrafos? ¡Últia unha cousa como o demo de aquila maquininha que apesar de sere de ferro cantaba tan bén, que daba genio ouvila? É certo, cavilou o Vidueira. ¡Os cregos son a causa do atraso da España! Por isto ó falare con aquiles malpocados aldeás pechaba así as suas conversas.

—¿Entendédelo ben? Namentras lle non chamusquedes o lombo ós cregos, viviredes no atraso e na ignoranza. Nas Américas, amigazo, en ningures sintín os corvos, nen ninguén me veu co conto ise do inferno. ¡O inferno, hom, si que cho ten eiqui o labrego esfameado que non gaña pra mercar broa acced! E regañando os dentes de ouro, cos cotovelos ameazaba a namigos invisibles.

Pro istas parolas duráronlle pouco. Arre o malado atallaba mais e mais os seus paseíños. Fagüia uns días que se non erguía do leito. Os seus polo dia cuidaban a facenda. Pola noite, derriegados, deitábanse. O Vidueira hachábase sóo, sen outra compañía qu'a do fillo pitís.

—Ne... no, dijolle un dia o pai con vos  
moito xorda, ó... lla na por... ta quen me  
ven cha... mar.

—Papai, lle non hay ninguén.

Calou. Os ollos fanselle apagando, como  
o sol á derradeira do mare.

—Ne... no, voltou demandare, ó... lla quen  
me ven cha... mar.

E ainda ben non fora aberta a porta, va-  
leira, cando Vidueira regañou os dentes e  
alongou un brazo ameazador.

—Un ja...ru...to ha...bán, salayou derra-  
deiramente, voltándose cara a fiesta.

E ja non falou mais.

Cando chegou a nai, o pitis contoulle  
tudo. Aquila noite a infelis muller afogába-  
se no leito. Antre sonos via sentado os pés  
da cama do seu home un seño de traje  
mouro, ollada frienta, naris de aigue e bar-  
ba de castrón. Ver endejamais o vira; pro-  
tiñao ben coñecido. A Jesusa queriase presi-  
fiare; mais unha forza moi grande lle  
amarraha as más e lle esmagaba ó corazón.

—¡Arrenegado seja o demo!, chamou o  
acordare meia sonenta. Unha soma pare-  
ceulle fugir pola fiesta. E sen poderse con-  
ter, ainda que era noite pechada, foi busca-  
re ó abade Mouríño.

Ós pouquitos, os fachos do Viádegoo che-  
gaban á pouxa do Vidueira

Miúdos dimpois, o american espernejava.  
Cando os acompañantes dejaron a casa  
mortueira avecinábase o istante do solsahir.  
A lúa baijaba por tras os petoutos. A sua  
lús argentina, misturada co verdor dos  
agros, compoñía un coor de tons esvaídos  
que espertaban no corazón non sei qué ma-  
lenconía. Enriba das fragas vianse as fou-  
ces famentas do lobo e ouvianse ouvidos  
tristeiros.

#### O ENTERRO

Ó entero do Vidueira vifieron todos os  
cregos da comarca.

Levaron o cadaleito en procesión co ca-  
davre de corpo presente. A sua faciana ade-  
vifiábase nunha enjoita masa amarela.

Á derradeira os cregos, destemprados,  
berraban:

—*Qui Lazarum resucitasti a monumen-  
to fétidum!...*

Atordóaban tanto que se o morto non re-  
xurdia de aquila, era que estaba ben morto.

E os herdeiros, e os amigos, e os que  
espeitaban algo, enchfanles de cadelas as  
faltriqueiras, pregándolles mais responsos.

Os cregos pingáballes tudo o corpo; pro-  
hachábanse satisfeitos coa obriga de miseri-  
cordia e coa marcha do nagozo. Un cura  
vello, de ollos redondos, abría o bico dende  
unha orella á outra. E namentras que con  
unha man agarimaba á cabeleira ós cachos  
roja e ós cachos moura, coa outra levaba o  
compás... dos cartos juntados.

Logo jantaron co abade Mouríño.

#### A CUCHIPANDA

Un jantar na casa de un crego é algo  
fantásteco. N'unha fonte, coma unha artesa,  
tiraron meio porco. Ós pouquitos o coitado  
do porco ficou moi ben enterradillo n-a-  
quiles vandullos venerabres. A mesma sorte  
agardou a dous carneiros. E ista foi tam-  
én a sorte de catro dúcias de galiñas,  
coma de seis panelas de peixe.

Polas arteiras viñalles vindo a caldeiradas  
tan arreo pescozo enriba un flugido quente  
e roseiro, que estoupaban os probes cregos,  
ensangándoselles todíña a faciana.

O viño, rapaz novo e mal criado, corren-  
taba nos pelejos vivos do Señore, chamando  
á berros polo cango e o bagazo, seus hir-  
maos. Do seu bico sahia un alento fumeiro,  
carregado de ácidos etéreos. Os cregos es-  
boirábanse aturdidos. Mareados. Desfeitos...  
Es... ca... chá... ban... se: A espíñela derrá-  
mase polo ombrigo. E o peito, cas costas  
crebadas, derrúmbase con estrondo enriba  
da mesa. Os brazos abálanse ó vento, coma  
ponlas fendidas no albre. A cabeza, yugoa-  
da pola gorja, dormita sanguenta a carón  
das táboas. Na sua longa agonía mugen  
con ronquidos tan doidos que, abrandadas  
as pedras, treman as paredes...

O abade Mouríño está rojo e esmagado  
coma un tomate. A domésteca trabao cos  
ollos acesos e remeje os beizos, como se  
falaria coa sua mesmisima ánema.

—Os aldeás, rachou D. Loureán, o abade  
de Artemes, teñen mulleres é gozana; pro  
a nós envejannos que comemos millor.

—E que nós escollemos a millor parte, dijo un curiña novo.

—Boscade o rañado de Deus, berrou outro, e o demás seravos doados por engadidura.

—A nós sálvanos a Fé, chamou outro.

Dimpois aquila divira un desconcerto de voses roncas.

### VERBAS DO TOLO

O abade Mouríño coidou chegado o momento de impor orde, e sen saber por qué, virándose cara un saminarista fraco e de moita palor, díxolle:

—Fálanos tí encol da Fé.

O rapaz enrugando o fronte combado parolou de iste jeito n-aquil concilio rural.

—San Goar envidaba a jantar co il os probes de Deus. Os seus cofrades acusárono ó Pai santo de corruptor das bóas costumes da vida ermitá. Entón as sandalias de Goar tiveron de bicar os croyos das calzadas de Roma. A primeira mañá da sua chegada á Urbe foi ofrecerlle ó Señore o Santo Sangre da Misa. Pro, ¡ay!, non sabía onde pór os seus hábitos, cando lle brincou unha ideia: «Non fixera Deus tudo, ousutamente tudo, pra o servizo do Home? Logo aquila rayoliña de sol que se adentraba pola videira tiña de servir ó servo de Deus». E pendurou o hábito na rayola, e o hábito ficou ali moito ben pendurado. ¿Qué man invisibile o sostinha? Non podía sere outra que a mesma forza animeca que saíra do singelo Goar e se apricaba á rayola.

—¿Non estás desvotando o orde sobrenatural?, demandou un prégador de moita sona.

Nas relixiosas positivas o sobrenatural é unha baixada: O ponte sobrenatural desende de Deus deixa o Home. Pola contra, segundo os místicos contemporáns, como o indio Krishnamurti, ou o danés Kizkegaard, é unha rubida: O orde ascende dende o Home até Deus. ¡Asín o Home divinizase polo seu propio pulo cara enriba!

—Se o Home se liga con Deus por un auto de amore ceibe, n-isas relixiosas non existirá pecado, nen...

—A verba *pecado*, atallou o rapaz nervo-

so, por vergonxenta temos de queimala. ¿Vos non lembra as diciós latinas *pecus*, *pecunia*? O home primitivo coidaba provir de un devanceiro animal. Ó ire nacontra do *totem* ou *pecus* chamouse pecado.

—Se non hay pecado, ¿onde vas meter o demo, condenado?, estouparon rindo os cregos.

—O demo é unha supervivenza do tránsito do Politeísmo ó Manoteísmo.

—Logo, ¡a qué ven ó caso a Redenzón?

—A Redenzón púdose faguere A. M. D. G. Pro se Deus enche o mundo coa sua presenza e se a sua Voluntade Ofínipotente atrai ó corazón humán cara II, ¿qué más nos falla pra qué polo noso propio pé poidamos choutar ó espazo que nos arreda de Deus? ¡Ay! A Eireja somente quer uniformidá, masa caótica, non sentimento cósmico. Por iso os mesmos santos enviados polo Señore pra encamiñala foran probados, engaiolados e algúns até queimados por ela.

—Ises non son errores da Eireja, senón dos homes, rosmaron os cregos alcuñando ó rapaz.

O saminarista, comesto da frebe, proseguiu:

—Agora a Eireja chégalle o agosto: Os seus froitos penduran maduros no Albre da Vida, atendendo á mán do benzoado Recoñedor: Recorridas ja no noso voo ó rededor do Outísimo as seis costelaciós. Jesucristiá, Pauliña, Aigue Hiponense, Tomisteca Seráfica, e Iñiga, ajiña chegaremos á lumiosa pléyade do Espírito, profetizado polo Floris, pechándose a elipsis de iste Místeco Número Sete. Entón Señore, serán chegados os tempos nos que o home nas ásas ligeirísimas do amore ruba a Tí e pule, pule na Tua lus arreo mais e mais carapucheiriña até que, debullándose en miúda choiva de estrelitas moi fribosas, a homidá seja zugada de un turro polo Teu divinizante abafo...

### A PENTENZA DO ABADE MOURIÑO

O abade Mouríño hachábase moi atristurado. Dende que na cuchipanda co gallo do enterro do Vidueira alcuñara ó saminarista parvo, o sono non viñera arromalo no

seu colo e o espello da sua fronte serea ja se lujara cas trebas do remorso. Aquila noite rezou meia dúcia de rosarios, bateu todo o seu corpiño con unha corda deica convirtilo n-un horto de fridas roseiras e debruzouse longo tempo diante do seu amigo San Johan. ¡Derritidas co lume do door, as trebas do remorso volvíanse auguiña fervente que cai maina polas meixelas de anjo, noutro tempo cheas e grosas, mais agora moito afondidas e murchadas!

Ós pouquitos ficaba dormido.

A Andreia tamén non acougaba. A coitada ardía n-unha peijón dos diaños. Pola serán unha ollada perdida do abade atopárase coa sua. Iso abondou pra desencadear aquila revolta dos sensos: Unha quentura abafante rubeulle dende os pés deica os mioios. Os seos erguéronse como brazos maternas chamando polo fillo. Todo o seu corpo ondejaba envolveito en lume e tremor acérado.

E votándose do coucho, coa indifrenza de un tolo fugeu á alcoba do abade: Un bico fogueiro queimoulle os beizos ó casto Pai, sen que il acordase. E co bico ja meleiro, liscouse a escondere coma unha ladra no seu coarto.

Entón o abade soñou co demo. Deus premetiralle a iste persoaje que con ferro ardente lle comburise o corazón e os beizos por cavilar mal nacontra do próximo. Na sua concenza rugía a vos do Supremo Juez: «Mouriño, Mouriño, o teu pecado é moito grave e tés de faguer por il unha comprida pentenza. ¿Quén és tí pra malzoar a miña obra? ¡Eu, Eu fijen a yalma do home da miña propia yalma! O seu corpo, fijeno Eu con anaquifios de ceo collidos por istas miñas más!» O coro dos arcanjos eisultaba nas zampoñas: «¡Gloria ó Bó Deus, e loubanza ó Home, image de Deus!»

Pola fiestra achegada colouse un aríño fresqueiro. O fogo dos beizos faselle apagando: O abade sinteu a rentes de il a Purísima Virxe na compaña de San Johan.— Filliño, dijolle unha vos tenrísima coma salayo de fror, os teus pecados che son perdoados. Ama e lembrate de Min.

Fora choraba o vento e crevaban os lóstregos. N-iste intre unha doce armoña arro-

deou o leito do abade Mouriño. As voses somellaban desfaguérente pasenijo, pasenijo n-un canto moi brando. E cando o concerto deprencipiose a alonjar, o sacerdote viuse banado n-un ronsel de lús feiticeira e sinteu o bater de áas das almíñas boas que rubian sumergirse no abismo do amore de Deus...

#### O CREGO DE ARTEMES

Era o santo tempo do preceuto pascoal. Ás almas, como roupas emporcalladas, compria limpalias e poñelas crarejar ó sol. ¡Momentos benzoados istos nos que o home se avergofia da sua cativeza, fai propostos de pular cara enriba e enche o espírito con arelas de perfección! Se o home algo tén dino é ise instante no que se rebaija deica o pó do chán. O corpo, atraído pola lama da terra, dejá fugir o espírito ás moradas cestiaes da Divinidá! ¡Ó descendere, fecundado polo amore do Ofípotente, germola en caravellos de soavisimo recendo!

Aquil ano a colleita do Señore amostrábase abondosa. Eran tantos os froitos e tan poucos os jornaleiros, que Don Loureán, o cura de Artemes, chamou a moitos dos seus correligionarios, entre iles o abade Mouriño. Con nosco ia tamén D. Alepo Mon, abogado de moita sona.

Don Loureán era un crego parrandeiro. Os seus ollos castaños estaban a cotío bandados en auga: mesmo parecía que o demo do crego andaba derretido. A cabeleira, enmarañada, deixaba sahir por fora do pequeno chapeu uns rincios trunfantes que brincaban ó vento tollos de contento. A sotana cuáseque lle chegaba ós joenlllos. Don Loureán, sobretudo, tifia unha cousa que ben podía ser miragreira: ¡Na presenza das mulleres ladeábaselle o canal automátecamente! Entón riase moito, ensinando a dentamia de lobo famento. E votándose a beilar berregaba nervoso: —¡Mecachis, hom; a carreira de cura é unha carreira coma outra calqueral!

Un día que jogaba o Celta en Vigo, Don Loureán jantou n-unha tasca, onde se esgarrechaba viño do bó. Uns señores canteiros federados na Casa do Pobo, falaban da eisprotazón e do asovalamento, ollándoo bul-

## NÓS

reiramente. Ó crego sentouille tan mal ista falla de respeito, que lle brincaron gañas carragentas de acabar con tuda aquila caste.

—Lle non faga caso á gente baixa, dixo-lle un sangristán. O liberalismo pasouille de moda. Olle, senón, o panorama da políteca internazonal ou os libros novos: En todo o mundo frorece a ortodoxia en obras admirables.

E por primeira vegada na sua vida o xornaleiro do Señore entrou n-unha librería a mercar libros.

¡Cóma se refocilaba coa literatura de estilete picudo e sensibilidá encoiradá! As entradas remegíanselle, como se lle aturrasen polos untos. ¡Pois, non? Enalbrando o seu estilete picudo aquiles varudos Sigfridos, arelantes de loita, achéganse ó móstruo do Liberalismo, sen amedoñárense co estrondo das suas razós esclumiadoras. De un brinco fúranlle o vandullo, escórrenlle o sangue e logo esfólano. Ó escabézalo sorteou tanta auguia abafante e griseira dos seus miolos, que o Sol afogouse. Os caballos da Furia levaram a enterrar o seu cadávare amordajado cas trebas no campo da Noite. A derradeira choraba a Luz e salayaban as Ideias. Ás suas exequias acudiron os cativos asovallados polo móstruo. Ceibes de tudo esforzo e de tudo traballo, ja podian berregar tumbándose: ¡Viva o retrocesol...

Don Loureán pregáballes tan a elido ós seus cofrades encol das novas masvelas apologéticas, que a humildosa e queda vida dos cregos da aldeia rebulen ó longo de algúns días ca lumiosa corrente élétrica da leitura, pro, esmendrellados polo esforzo, aijíña lle votaron ó tarabelo á pousa do seu isolamento espiritoal.

## O PALIQUE

Don Loureán pujoou cos seus cofrades: O seu jantar deveu ser dino de calquer Gargantúa.

—¡Ay, Don Alepiñol, falou o anfitrión virándose cara o abogado. Rén se ten escrito tan bó, como a «Historia de Cristo», de Pánni. ¿Ollou vosté con que pulo bate ós herejes? A min góstanme os homes que ós burros tratan de burros, e ós cás, a perdidas.

—Pois, ¿qué vos direi do noso sabido bispo Don Mendo Candeal?, engadeu o abade de San Ciprián. Lede ista págea do «Boletín» que de cote levo ó carón do meu peito: «A iste gran parvo de Romanones somente occurrírselle pode o pensamento de chamar «matrimonio civil» a un aporcallado concubinato.

Logo interveu un crego chosco:

—Vostedes cofiecerán un libro dino do votafumeiro; «Ortodoxia», por Chesterton. Iste sabio, apesar de falare ingrés, non ten pelos na llingua: «Os heterodoxos hay que metelos en Conxo».

## O CASOIRO DE CAMACIHO

De ali a uns días un mozo falangueiro na compañía de unha belida rapaza petaba no portón de Tosteos. O abade Mouríño pechou o breviario e baixou saúdalos.

—¡Hola, Camacho!, dijolle ó mozo. ¿Qué miragre vos os dous por eiquis?

—Nengún, señore abade. Todo o mundo sabe que eu vivo con ista muller á que juntan dous fillos. É o caso que pola Páscoa o señore abade de Neveiro no nos quixo benzoar a casa. Entón levamos unha vergonha moi grande na vila.

—¿E porqué vos non casades, rapaces?

—Ja llo pedimos ó noso abade, contestou a moza, e dixonos que pra casarnos tiñamos de aboarlle seis pesos de licenza e non sei cantos cartos máis por outras tréglas. Nós respondémoslle que vosté nos casaría por menos, ainda que il dixerá que non.

O abade ficaba cavilos.

—¿E certo, señore abade, que vosté non quere casarnos?, demandáronlle os dous a unha.

—Mirai, rapacíños, contestou o cura con emozón fonda. Mañán eu teño de casarvos de balde. ¿Entendédelo ben? ¡De balde! E enriba ainda vos darei unha enchenta. Sómente vos prego unha cousa. Que cando volteades pola mañancía, traigades con vosco a todas as vosas amisades e a todos os cas e gatos que atopedes polocamifio...

A reitoral fervía en preparativos. Mesma mente somellaba que outro novo diloivo ameazaba á homidá: Tantos eran os ani-

maes que se recollían n-aquila arca de Noé.

A Andreia ainda votara más morros. Os pais do curiña pecháronse aparvados no seu coarto.

—O noso Manolo, deprencipiou a muller, estache tolo.

E polos regueiros da faciana escorria lle auga salgada, coma de tormenta mareira.

—¿Que lle temos de faguer, miña santa? Il é o dono e ninguén lle pode decir rén.

E virando as costas, o probe do vello tirou o pano do borsa. Os seus ollos tamén estaban inchados polos embates do temporal.

Ó outro día pola mañá, dirigiase cara Torteos unha rebulideira moitudine. Os neños cas suas gorjeiras branquiñas brincaban na devangarda. Logo viñan os noivos cos cuñados e amigos. A retagarda seguían modiño todos os velllos de Neveiro.

Polo esperto ourizonte despreguizábase o sol jurdio e rideiro dos días de festa. Un bafio ligeiríño erguiase da terra e espallábase polo ceo, formando nubiñas de lá moi-to fina. Enbaixo o Miño acarrejava pelouros. Como ja vai vello detense a tomar folgos diante dos penedos, séntase enriba de iles, peina a sua longa barba branquiña, e brincando, marmuja coa sua voz cantareira de arrieiro:

¡Ista si que che vai boal!

¡Ista si que boa vai!...

Fora, á porta do templo, dous albres alcipres agionllados e cos brazos ergueitos

## NÓS

bicaban o ár e pregábanlle ó Señore cas suas ondejantes língoas de vibrátil folla:

—Paicíño, doite de nós! Non temos outra mantenza que a parva do orballo; e antre horas, algún toriño de vento, ou algúnhaga regoja de brétema pasadeira. ¡Vótanos unha manchea de auguiña zelmosa, fresqueira e san!

E dentro do templo, a carón do altar soaba a vos doce do abade Mourifio:

—O Señore, hirmancíños, podrá ir faguendo pouco a pouco todas as cousiñas, do mesmo jeito que as fijo no deprencipio. Mais Il, na sua Bondá, loubando, dégou iste poder creador no home refeito perfeucioado polo matrimonio. Se, pois, polo amore vos asomellades a Deus, ¡querervos con amore moito fondo! ¡Querervos coma a noite quer á lúa! ¡Querervos, coma o eido quer á auga! ¡Querervos coma a volaya quer á frorl...

Logo, decomenzou o banquete. Na súa vibraban en armófoso acorde o cristaffio son orquestral do tilín das copas e o metálico timbre das argentiñas voces rideiras. Primeiro, sagrefizáronse as vitelas, idolatradas no Egipto. Siguiron os carneiros, amañados con mariñas. Dimpós dos polos, imolouse o misteco Peixe, representado no salmón do Miño.

O abade, Mouríño sorriía, sorriía. Os seus grandes ollos moles rayolaban unha lúa que faguía brillar de contento aquillas cariñas singelas, unidas todas n-unha mesma aperta sentimental: ¡Endejamáis unha estrela desenfeijara rayolas tan soaves!...

O sol baixaba confiado a deitarse no seu tálamo. ¡E cando estaba chegando, a lúa, o pendello da sua muller: ja fugira da casal



# D A A L E M A Ñ A

POR VICENTE RISCO

## III. BERLÍN

(Proseguimento)

A certa hora da mañá, virá Fran Tornegg, ou unha asistenta faguel-a limpeza en poucos minutos. Á noite, voltará Fran Tornegg erguel-o asento do sofá, sacar do fondo os estreitos edredós, as sábenas e a almofada de pruma, e encaixar unha cabeceira e uns pés de ferro barnizados de negro, e de camifio, baixará a lámpada de riba da vitrina, e deixaraia enchufada. S'eu estou, dará as noites... E o resto do tempo, baterá somentes o reló, namentras eu durmo, ou me visto, ou almorzo, ou escribo sentado nunha butaca, na mesiña pequena posta diante d'unha das fenestras.

Pódese reconcentrar coma queira, pode un esquecer todo, pode un non ver a rúa nem sentir os poucos autos que pasan por ela, pódese isoler do mundo nunha soedade guateada e embutida en paredes e mobles calados. Está ben.

A esta cámara chégase dend'o pequeno vestíbulo, onde dan tres portas d'outras estanzas, por un pasillo estreito e escuro que logo fai sete e vai rematar na cocifa, logo de pasar por diante d'outras portas misteriosas, e pola do baño. Na cocifa, que funciona con gas, traballa Fran Tornegg, recordando moreas d'anuncios dos xornais que prepara non sei pra qué, e ajuntando francos do correio. Ben é certo que Fran Tornegg case nunca está na casa. Case todos serán vai ao Zoo, onde asegún ela, hai *eine Kapelle wunderbar*. Pra ir, pon un vestido estampado transparente, de grandes froles en fondo negro, e unha gran pamela negra cunha gran frol de trapo. Na

mesma casa vive unha tía d'ela e duas sobrinas, unha d'elas, unha *morenaza*, coma din os hespaiois. Se cadra, véñela precurar, ou berran polas fenestras do páteo.

—Magdal Magdal

Ás veces, Magda já marchou.

Fran Tornegg ten unha outa ideia da sua raza. Falando do antisemitismo, dixome unha vez que todos somos homes, e que todos os homes deben ser iguás, calquera que seña a sua fé; más ao mesmo tempo espricoume que o odio aos judeus era por enveja, porque os judeus teñen más talento qu'os outros.

Semella pouco istruída, e dende logo, da Hespaña non ten nen a máis pequena ideia. En troques, debe ser creínte, e ademirou moito e meteulle respeto o ver que eu tiña un Crucifixo pendurado riba da mesa de traballo e un rosario e un Kempis na mesa de noite. Outro día, referindome que me non lembro en que bisbarra se perderan as colleitas, dixome qu'os homes eran moi ruios, e que Deus tiñaos que castigar por forza.

Non embargante, traballa nos sábados coma se tal cousa e os domingos vai ver unha irmá tola que ten nun manicomio. Marcha moi cedo, e deixa os cafés na cocina, abrigada a cafetera cun caperucho acolchado.

Fran Tornegg ten alugadas todas as habitacións, de maneira qu'ela debe dormir atrás dunha das portas misteriosas do pasillo, nun cuchitril calquera. Como hai moito que vive na casa, e paga un alquiler d'enantes

da guerra, sácallle renda á casa. Ningún ju-deu se perde. Logo algo que teña, se ten, o que lle dean os anuncios que recorta ás mañás na cociña, pode que tamén os franceses do correio, pra ela soila, débese gobernar.

Na cámara pegada do comedor ond'eu durmo, entrando no piso a pirmeira porta a mau direita, vin unha muller moi fermosa, qu'os sábados á noite recibe un amante. Unha [mañá entrou no meu comedor avisar que me chamaban ao teléfono. Viña do baño, en albornoz, co cabelo rizoso botado atrás e atado c'unha fita, e c'un pito que viña fumando na man dereita. O tipo era ju-deu, moi fino e elegante. Non'a volví ver. Despois mudouse.

Frente por frente, entrando no piso á man esquerda, vivía Herr Rosenthal, a quem me presentaron unha noite diante da casa. Era un rapaz judeu, outo, forte e guapo, moi moreno. Cecais era o que viña petar na porta e marchaba rosmando cando m'eu demoraba no baño. Tampouco o volví ver más qu'outro día que lle fun dar un recado que trouxeran pra il.

Outro hóspede debía haber na cámara qu'eu fun ocupar o primeiro do mes de San Johan. Nono vin endejamáis, coma tampouco ao que veu ocupar a da rapaza fermosa.

A miña nova cámara era grande e tiña duas portas: unha daba ao vestíbulo e a outra ao pasillo. A fenestra, de medio corpo, daba ao páteo interior, e tiña un radiador debaixo, e duas vidreiras, aunque sen persiana.

O páteo aquil tiña dous arbres e uns macizos d'herba. Había n'il unha garita na que de cando en cando entraba un home qu'abria a porta con chave, estaba dentro un pedazo, e volvia a sair. Entraban mendigos de pedir pol-as portas; entraba total-as mañás un home c'un aristón que tocaba tocatas de moda; entraba tamén outro que ceibaba un longo pregón musical do qu'eu somentes comprendía a verba *papier*; entraban señoritas e homes. D'unha fenestra outa viñan as notas d'un piano.

Outras veces viña alguén e berraba ollando pr'as fenestras d'enriba: — *Allo!* e d'enriba surtian responderile. O ceo cadraba aló

enriba, moi longe, e pra ver pasal os aeroplans, había que botal-o corpo fora.

A cámara tiña unha grande alfombra escura. Unha mesa grande de comedor no meio, estilo dito inglés, c'un tapete verde negruzco moi vello qu'a tapaba toda e cala polos lados e no meio un pano branco. Sobre d'ela, unha lámpada de pantalla de seda sostida con cordos, pendurada do teito estucado.

As paredes empapeladas d'escuro, chegado preto da escocia d'estuco, e as portas pintadas de branco brillante. Había, coma digo, duas portas. A do vestíbulo facía chaflán no ángulo de duas paredes. Na da dereita, o leito de ferro coa cabeceira ergueita, gran cadrante, edredón delgadillo de tea bermella, alfombrin, e mesa de noche sen orinal, onde Fran Tornegg puña o meu calzado. A mesa de noche con táboa de mármore coberta c'un tapetillo branco con encaxe, tiña enriba unha pequena lámpada d'enchufe con pantalla de seda bermella.

Na parede onde daba a cabeceira da cama e a mesa de noche, había tamén un móble, sorte d'*entreddós* onde puña a roupa branca. Seguía a porta que daba ao pasillo.

Na outra parede, por frente á do leito, había de dereita a esquerda, un lavabo antigo, pechado, con caixos e mesa de mármore e un estantillón tamén de mármore e espejo. Enriba había unha gran barrefia e un jerro de porcelán branca con deseño azul estilo modernista. A toalla pendurada á dereita d'un torno de metal por meio d'unha presilla de fita cosida. Despois a mesa de traballo, moi vella, con caixos e alacenas debaixo, e taboleiro coberto de ful deslocida.

Eu fun quen puxo ali a mesa e puxen enriba uns estantes pra os libros, pra d'iste xeito ter unha mesa coma teñen os cregos da aldeia na nosa terra. Nos estantes puxen os poucos libros que trouxen, e logo os xornais e libros que fun mercando; mais tamén puña ali, ás veces, cousas de comer e de vestir, ou de limpar a roupa. A pequena lámpada d'enchufe da mesa de noche, podía-se traguer á de traballo, ond'había outro enchufe. E ben cumpría, pois a estanza era escura, e ás seis do serán já había qu'alcen-

del-a luz, pois ficaba todo n-un lusco-fusco tristeiro e gris que pesaba riba do curazón.

Vifia logo o esquinial, ca fenestra en chafán, de duas vidreiras, sen persiana, con cortinas de correr e store de baixar. Debaxo d'esta fenestra había un radiador e diante puxeron o meu baúl. Eu sentábame moitas veces a ler n-aquí baúl, debaixo da fenestra, com'un emigrante, no serán tristeiro. Às veces solprendíame o Fernández Armesto, que petaba caladiñamente nos vidros.

Na outra parede había primeiro un almario d'espello onde gardaba a roupa. O eterno e vulgar almario d'espello que dá a volta ao mundo, heraldo da banalidade moderna. Almario de cuarto d'hotel, de casa artesán ou burguesa que repite pra pouco, luxo ainda na aldeia, cursileria por todos lados. Despois unha *chaise-longue* coberta c'un pano antigo d'oito puntas, já moi velho, e c'un almohadón enriba. Era ond'eu deitaba a saudade, n-aquí asentadoiro tan cómodo e mol como ridículo e evocador de cousas feias. Mais soñando ou facendo ensame de concencia, esquécese todo, ata ond'un está.

E voltamos estar na porta por ond'entrámos.

Había ademais tres cadriños pendurados da parede. Un, nos pés da cama, era unha paisage torpemente feita, atal qu'o torpemente feita qu'estaba era o tineco intrés que tiña. Outro, riba da mesa de noite, era unha sorte d'augarela ou cromo representando unha escea d'amores: duas testas, unha de muller e outra d'home beixándose; os dous boniteiros e repunantes, co-ise tipo de beleza vulgar e estúpida dos artistas de cine. Já me non lembro do outro cadro. Somentes sei qu'aturei por tres meses esta pinacoteca, en forza de non ollar pra iles.

As horas qu'eu ali pasei, debullando o Maunhardt, os volumes de *F. F. Community*

*cations*, o *Leabhar Gabhala*, un libro estúpido de Horacio Mann, etc., n-un silenzo absoluto, no que ata semella que s'oien pasar pantasmas pol-o pasillo, nos seráns de chuva e de trono, escuros e calados, non son pra ditos.

O pasillo alfombrado e coma guateado d'esta casa é escuro coma boca de lobo. Por il hai qu'andar atoupiñando, e no esquinial do sete, no cóbado que fai, n-a-quil recanto, o más escuro, o más sumido na tréboa, onde s'acochan todolos ratos, todal-as chinches, todal-as cascudas e todal-as pantasmas, lurpias e maus espíritos da casa, ali está escondido o teléfono, que de cando en cando, apelida por un co seu timbre a un tempo firente e apagadiño, co seu misterioso asubio de serpe. Eu collinlle terror ao teléfono, porque co-il si que me meto n-un mundo estrano onde non podo agardar comprender nen ser comprendido por ninguén. Nen sei o que me din, nen podo dicir cousa a dereitas. E logo aquil curruncho, aquil fondal do mundo habitado ond'o ten Fran Tornegg, é espantoso. Benia a que gracias a il non pode haber na casa cascudas, chinches nen ratos, porque todos teñen qu'ir dar ali.

Fica a *Toilette*, impace onde vai unha calor de bafo de besta, alumeadoo por unha fenestra outa que abre e pecha por meio d'un pau de ferro, posta aló no cabo d'unha barrela, ond'hai trastos vellos. Hai unha batreñña con grifo, *water* e un bon baño con auga quente e fria e aparello de duchas. All dentro, hai que ter a luz eléctrica acesa.

Horas fecundas e horas grises da miña vida fican pechadas pra sempre na casa escura de Fran Tornegg, Waitzstrasse 3, Berlin, Charlottenburg. Qué é o qu'ali agardan esas horas?

(Continuaráse)

Xa apareceu

## O DERRADEIRO AMORE

Novela, por Aurelio Ribalta

# Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

## RESPOSTAS A UN CUESTIONARIO

### RESUME XENERAL DE FOLK-LORE DE SANDIÁS

POR URBANO SANTANA

O propoñerme faguer un resumo xeneral de costumes (Folklore) do pobo en que m'alcantro ei d'advertir qu'e un traballo d'investigación que dada sua dificultade e relativa importancia, deberá estar encomendado a persoa máis capacitada científicamente pra sair ben do fregado; pero, se non ha de ser unha cousa dina d'aprauso e menos de publicación, cando menos téñas'en conta a boa intención con que o fago anque solo sexa por contribuir e cooperar, nos poucos alcances que sexa posible, a unha laboura necesaria e útil por moitos conceptos.

Por outra parte, téñas'en conta que, o faguelo no lenguaxe do país, éste é tal e como se fala eiquí, pois tamén así reflexará o mesmo tempo un elemento do folk-lore.

Non se me culpe ademais por'as faltas d'escritura, pois dad'a pouca práutica d'escribir o galego, xa que non se pode salir da casa sin ir armados do castelán pra zampalo en calquera esquina, hayas d'haber boas.

#### A TERRA, A XENTE, A HISTORIA, LITERATURA POPULAR, ETC...

O pobo está sitiado (na carretera de Villacastín a Vigo) a unha légoa tirada despóis de Xinzo, indo pr'Ourense; está a caída, como se for'amurallado por'o NW. d'unha montaña ou mellor dito, un sistema complicado de montes interrumpidos por fondadas, pero o chan do pobo é case llano como señalando a prouximidad d'Antela.

Según se vai por'a carretera pra Xinzo antes d'andar un Km. a man dereita hay un pequeno pobo da parroquia asentado n'un monte pequeno (monte de Coaloso) chamado Coaloso. Seguindo enderredor do pobo

a caída do monte do Coaloso xa no sitio illano vai a carretera a Celanova, partindo da outra desd'a veira mesma do pobo, n'esta carretera está o pobo de Couso que anque forma parroquia aparte é diste Ayuntamiento, está formado de barriadas con nomes distintos (a Manuela, o Tellado, o Pereiro, a Lamardeira, etc...); a un lado separado do pobo hay un casario (o Telleiro), é pazo, de D. Eduardo de Cea Naharro (q. e. p. d.) ten o lado unha capilla e non está o pé mesmo da carretera.

O comunal que hay a un lado e outro da carretera esta, «de Couso» chámante «as Santas», y'a continuación seguindo a dirección indicada ver «o Pegal», «o Rigueirodálen», «Valadoblanco», ésto subindo xa o «monte de Picos, no fondo d'iste, baixando por'o nacente hay unha fonte, «fonte do Mouro» (de que xa falarei); a continuación métese unha depresión pequena, e ven o «Monte d'as Areas» e o do «San Benito», onde está a capilla d'iste Santo (San Benito d'Outeira), por debaixo esténdese unha fundada «os Vales», «os Muíños»; por esta fundada corre a auga con forza e alí hay varios muíños en ruina e douz qu'inda moen cando lle chega auga; despóis levántase o «monte d'Outeira», ond'está situado un pobo composto de duas ou tres casas e leva o mesmo nome do monte; a continuación métes'o «monte da Raña» e «o do Castro», e así imos xa chegando outra vez a carretera pero por'o N. do pobo.

(A seguir no número próximo).

Obra nova de A. COTARELO VALLEDOR

# BEIRAMAR

# OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

## LIBROS DE ARQUEOLOXÍA PORTUGUESA

VIANA, Abel.—*Estações paleolíticas do Alto-Minho*. Porto, 1930. Separata do vol. III de «Portucal».

ESTE estudio que encerra en cincuenta e unha páxinas interesantes novas de arqueoloxía miñota, preséntase con magnífico porte e valiosas ilustracións. O autor, ilustre arqueólogo, esplica o seu autodidacticismo na ciencia arqueolóxica na que tanta fertuna o acompañou. En efecto iste volume ten importancia extraordinaria pra a prehistoria galega que forma ca provincia do Minho unha rexión no cuadro distes estudos.

Dende o ano 1924 en que os P. P. da Cruz e Luisier poñen ó descuberto a estación de Camposancos, na nosa terra, descrita polo Dr. Fontes—e salvo a cuarcita que iste investigador topou antes en Portucelo (Viana)—teñen lugar as descobertas de instrumentos de tipo paleolítico en este país do Noroeste Peninsular: P. Saraiva de Miranda, Serpa Pinto, Afonso do Paço... aumentan as aportacións. Agora gracias ós estudos de tan distintos prehistoriadores a rexión miñota ocupará un lugar preeminente no estudo das industrias líticas antigas que quedaban apenas reducidas ós achádegos dos arredores de Lisboa.

Proceden os instrumentos descriptos por Abel Viana de Lanhelas, Vilar de Mouros, Gondarém, Seijas, San Miguel de Fontoura, Peso, Argela, Moledo, Cerveira Areosa e Vilarelho, que forneceron exemplares típicos do *chelense acheulense e musteriense*.

Canta sexa a louvanza que de tan férmosa monografía fagamos, será pouca pola probidade científica con que están descriptas as pezas e polas ilustracións que ó estudo acompaña. Felicitamos sincericamente ó autor.

Pol-a nosa conta lalarémonos de que en estos lugares, ó parecer tan ricos en xacementos paleolíticos non se fagan escavacións metódicas, porque sin estatigrafia non pode determinarse craramente a época do instrumental por moita que sexa a perspicacia tipológica do investigador, pois é preciso non perder de vista que, si ben na cen-

cia prehistórica xa se ven claros os perfiles xerates, istos serán revisados á luz de futuros achádegos e surxirán as variedades locales e as subdivisiones por cada época dentro da xeografía. A esa laboura soílo se pode axudar simultaneando o estudo dos estratos xeolóxicos co do material lítico asoellado. Iste é o mais intresante punto do pretendido paleolítico galego-miñoto.

Por elo as dúbidas que suscitou o xacemento de Camposancos a que alude Abel Viana seguen en pé. Pra nós existe un feito incontrovertible: o de que en Camposancos apareceron instrumentos de factura paleolítica en compañía de instrumentos de factura francamente asturiense. Logo, en secuencia, non pode elevarse ó paleolítico a estación, senón que é necesario baixala á industria epipaleolítica mentada, espricándose a mistura de tipos por supervivencia dos de fección paleolítica.—F. B. B.

JALHAY, Eugenio.—*O tesouro de Álamo (Montra, Alemtejo)*.—Sep. da rev. «Broteria» Vol. XII, Lisboa, 1931.

BAIXO do modesto subtítulo de «Contribución preliminar para o seu estudo» danos o por tantos conceptos ilustre investigador portugués unha nova chea de interese: o achádego no lugar do enunciado de un tesouro composto de cinco pezas distintas, tres de elas colares e duas brazaletes, de ouro todo o conxunto.

Con erudición característica no autor pon cada peza en comparanza con xoias portuguesas—Penela e Portel—bretonas e suecas e o seu decorado suxirelle intresantes paralelos. A figura antropomorfa de corpo triangular que aparece grabada no fecho de un collar laminiforme é de todo punto curiosa. Seu estudo «os dos demais caracteres de cada unha das pezas de tan rico escondrixio llevano a datar as xoias—«nun período prerromano non mais arcaico que o de Hallstatt», infa que algunas de elas puideran baixarse a período mais recente, como o da romanización.

Láminas e dibuxos ilustran a preciosa monografía. F. B. B.

Apareceu o volume I da "Biblioteca Murguía"

## DE ESTO Y DE LO OTRO

por Roberto Blanco Torres.

Pedidos a NÓS - Hortas, 20 - SANTIAGO

### FOTOGABADO

Si quer qu'os seus fotogabados sexan o mais perfeito posibles, conveniente envialos aos  
**Talleres de fotogabado ESPASA-CALPE S. A.**

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

Droguería e Farmacia  
**LUIS FÁBREGA**

Progreso, esquina a Luis Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE  
**Plumeiros RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpan  
millor. Véndese en todolos estabre-  
cimentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

O movemento demóstrase andando . . .  
O galeguismo lendo as pubricazóns **NÓS**

## Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo

SANTIAGO DE GALICIA  
DE LOS PROFESORES

**D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva**

CIRUJANO

GINECÓLOGO

Establecimiento dotado de todolos elementos que exixen  
a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas  
da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura

Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno



## A hixiene dos nenos

é a garantía da sua saúde física e moral o dia de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás suas altas calidades meiciñas xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribuie ó perfeito desenrollo das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN  
LA TOJA**  
**ÚNICO EN EL MUNDO**

1pta  
DASTILLA



O Xabrón da Toxa  
é o mellor.  
Honra á Galicia no  
mundo enteiro

AGUAS DE  
**MONDARIZ**  
FUENTES DE GÁNDARA Y TRONCOSO  
Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador



Véndese en todal-as  
Boticas, Droguerías,  
Hotels,  
Depósitos d'augas  
minerás,  
Restaurans e  
vagós-camas de  
todol-os trés.

Estas augas, de sona universal son  
o remedio enxebre e eficacísimo  
cand'un quer combater o Artritismo,  
a Diabétis, Desnutrizón, Obesidades  
diversas, doenças do Aparello dixes-  
tivo, Anemia e Neurastenia

**Riquisma auga de mesa**  
— gaseada naturalmente —

Mondariz-Balneario, áchase á 35 Km. de Vigo